



Resolución do 18 de xullo de 2018 da Dirección Xeral de Ordenación Forestal pola que se convoca a oferta de prazas de residencia e comedor nos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal da Consellería do Medio Rural para o curso académico 2018/2019.

As residencias dos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal (en adiante CFEAs) da Consellería do Medio Rural prestan un servizo complementario ao desenvolvemento educativo da poboación do medio rural, facilitando a asistencia aos ciclos formativos de grao medio e grao superior que se están a impartir. Ditas residencias permiten que o alumnado asista a estes estudos cando non se imparten na localidade onde teñen o seu domicilio habitual e que poidan dispoñer dun servizo de comedor.

Co obxecto de distribuír ás prazas coas que contan os CFEAs entre os alumnos que o soliciten, é preciso realizar a convocatoria para o curso 2018/2019 e establecer unas bases que a regulen, así como o procedemento a seguir no caso de que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas.

O Decreto 143/2013 do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias Marítimo-pesqueira e Agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería, recolle nos seus artigos 3 e 4 os supostos de feito e os suxeitos obrigados dos ditos prezos públicos.

A Resolución do 7 de xullo de 2017 actualiza os prezos públicos determinados no Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.

Por outra banda, o Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, atribúe á Dirección Xeral de Ordenación Forestal a programación e coordinación da formación agroforestal.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

1. Convocar a oferta de prazas vacantes de residencia e comedor nos CFEAs da Consellería do Medio Rural para o curso académico 2018/2019, de acordo coas bases detalladas no anexo I. O número de prazas ofertadas é o que se indica a continuación:

| CFEA | Nº de prazas en réxime de pensión completa | Nº de prazas en réxime de media pensión e xantar diario non regular |
|-------------------------------|--|---|
| CFEA de Lourizán (Pontevedra) | 48 | 42 |
| CFEA de Sergude (A Coruña) | 52 | 80 |
| CFEA de Becerreá (Lugo) | 0 | 45 |





2. Os interesados deberán cumprir os requisitos esixidos nas bases do anexo I desta resolución.

As solicitudes deberán presentarse axustándose ao indicado na base terceira do anexo I e co modelo que figura no anexo III.

Para as prazas ofertadas en réxime de pensión completa, no caso de determinar que o número de solicitudes é superior ao número de prazas ofertadas, procederase á adxudicación de prazas por medio do baremo recollido no anexo II da resolución.

3. No caso de non usar o total de prazas ofertadas en réxime de pensión completa, as vacantes que se produzan poderán acumularse ás prazas en réxime de media pensión e xantar diario non regular.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Ordenación Forestal
Asinado dixitalmente

Tomás Fernández-Couto Juanas





ANEXO I BASES REGULADORAS

PRIMEIRA. Clases de prazas

As prazas poderán adxudicarse nas seguintes modalidades:

- a) Residencia en pensión completa.
 - A modalidade de residencia en pensión completa supón a utilización dos servizos residenciais do centro.
 - As persoas que teñan asignada unha praza na residencia poderán facer uso dela todos os días lectivos do centro que non sexan vésperas de festivo. O horario xeral destes centros será de luns ás 09.00 h ata o venres ás 14.00 h para o CFEA de Sergude e de luns ás 08.00 h a venres ás 15.00 h para o CFEA de Lourizán.
 - A adxudicación das prazas en réxime de residencia en pensión completa aterase ao procedemento establecido no anexo II.
- b) Media pensión.
 - A modalidade de residencia en media pensión da dereito a xantar na sala de comedor do centro.
- c) Xantar diario non regular.
 - A modalidade de residencia en media pensión da dereito a xantar na sala de comedor do centro, en días soltos.

SEGUNDA. Requisitos xerais para poder acceder ás prazas

Para poder acceder ás prazas reguladas nesta resolución as persoas interesadas deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadáns de calquera país da Unión Europea ou estranxeiros/as que acrediten a residencia ou estean dentro dun programa de cooperación internacional.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade no ano da convocatoria.
- c) Estar matriculado no centro durante o curso escolar.

TERCEIRA. Presentación de solicitudes, lugar e prazo

1. As persoas interesadas realizarán a correspondente solicitude de praza mediante o modelo que figura como anexo III, dirixida á dirección dos CFEAs. Xunto á mesma deben achegar copia do documento de identidade correspondente.
2. A solicitude deberá presentarse en soporte papel, preferentemente na secretaría do CFEA correspondente, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.





3. O prazo de presentación das solicitudes será o mesmo que o establecido para o prazo de matrícula no correspondente centro.
4. Resoltas as solicitudes indicadas no punto anterior, no caso de existir prazas vacantes, establécese un prazo extraordinario de presentación de solicitudes para o caso dos ciclos formativos que tamén coincidirá co prazo de matrícula extraordinario de setembro.
5. Ademais, poderanse presentar solicitudes ao longo do curso escolar para outros cursos ou eventos que poidan organizar os CFEAs ao longo do ano. Neste caso, o prazo para a presentación de solicitudes finalizará o mesmo día no que rematen os prazos de matrícula de cada modalidade de curso.
6. As persoas que no curso académico anterior tivesen praza de residencia conservarán esta para o seguinte curso dun ciclo formativo, previa presentación da correspondente solicitude e sempre que acrediten o cumprimento dos requisitos académicos para o curso e non sexan repetidores/as deste.

CUARTA. Prezos públicos

1. As persoas beneficiarias das prazas recollidas na base primeira, estarán suxeitas aos prezos públicos previstos na normativa aplicable.
2. Para os cursos de duración inferior a un curso escolar completo, o alumnado con praza de residencia en pensión completa poderá acollerse ao pagamento trimestral ou por días.
3. O alumnado con praza na residencia que se incorpore á Formación en Centros de Traballo (FCT) poderá seguir usando a residencia ata o remate da formación na dita empresa. No caso de non utilizar os servizos de residencia durante o terceiro trimestre do curso escolar, como consecuencia de realizar a dita FCT fora do centro, o alumnado poderá estar exento do pagamento do devandito trimestre.
4. Para as prazas de comedor o alumnado fará efectivo o pago antes do inicio do servizo.
5. No caso das prazas de residencia en pensión completa para cursos de duración inferior a un curso escolar completo, o primeiro pagamento realizarase antes do comezo do curso.

QUINTA. Incorporación do alumnado ás residencias

1. As persoas admitidas, no momento da súa incorporación ao centro, deberán acreditar mediante certificado médico oficial o seu normal estado de saúde, que deberá permitir o normal desenvolvemento da vida residencial ou docente, de non ser o caso, o CFEA reservarase o dereito de admisión.
2. Os residentes están suxeitos ao réxime interno do centro e deberán respectar as normas de convivencia e horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial e docente.





SEXTA. *Perda do dereito á praza de residencia*

1. O alumnado residente perderá a praza polas seguintes causas:

- a) Non incorporarse ao centro residencial na data do inicio do curso escolar indicada polo centro docente, agás nos casos de forza maior, debidamente acreditados logo da súa valoración polo centro.
- b) Perda da condición do/a alumno/a no centro docente no que debía cursar os estudos para os cales lle foi concedida a praza.
- c) Faltas de asistencia sen xustificar, cando se supere o número de tres días de ausencia continuados ou cinco días alternos ás clases lectivas dentro do período dun mes e logo dun informe previo da dirección do centro.
- d) Incumprimento do réxime interno do centro residencial que altere o normal desenvolvemento da convivencia e que de lugar a sanción disciplinaria.

2. A dirección do centro residencial docente, concederlle ao alumnado un prazo de 5 días hábiles para que presente alegacións, documentos ou xustificacións que estime conveniente.

3. A dirección do centro, á vista das alegacións efectuadas ou transcorrido o prazo concedido para presentalas, resolverá o procedente no prazo de 5 días hábiles.

SÉTIMA. *Admisión*

Para poder ser admitidos, os alumnos deberán cumprir o sinalado nas Bases Reguladoras segunda, terceira, cuarta e quinta. Así mesmo, deberán obter a puntuación necesaria para a adxudicación consonte ao establecido no Anexo II *Procedemento de adxudicación de prazas de residencia mediante baremo*.





ANEXO II

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DE RESIDENCIA MEDIANTE BAREMO

1. Criterios de valoración das solicitudes

1.1. A valoración das solicitudes das prazas de residencia en pensión completa realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Rendemento académico do último curso realizado

| | |
|------------------------------|----------|
| - Nota media de sobresáinte: | 4 puntos |
| - Nota media de notable: | 3 puntos |
| - Nota media de ben: | 2 puntos |
| - Nota media de suficiente: | 1 punto |

b) Renda familiar *per capita*

b.1) A renda familiar *per capita* é a cantidade que determina a porcentaxe e os límites da axuda a partir das táboas de baremación. O seu importe é o coeficiente de dividir a renda da unidade familiar correspondente ao ano inmediato anterior ao do inicio do curso entre todos os membros da dita unidade. Este extremo acreditarase mediante a declaración do IRPF presentada por cada un dos ditos membros.

b.2) Para a determinación da renda familiar sumárase o importe íntegro das retribucións en concepto de rendementos de traballo obtidos durante o ano inmediato anterior ao do inicio do curso por todos os membros da unidade familiar.

b.3) Considéranse membros computables da unidade familiar: pai, nai, irmáns e irmás solteiros/as menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, irmáns e irmás de maior idade, cando se trate de persoas diminuídas físicas, psíquicas ou sensoriais, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio familiar a través do certificado municipal de empadramento.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o/a cónxuxe ou, no seu caso, a persoa á que estea unida por análoga relación de convivencia afectiva, así como os descendentes que convivan no mesmo domicilio.

b.4) No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable quen non conviva coa persoa solicitante.

b.5) Nos casos no que a persoa solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar que conta cos medios económicos propios suficientes que permitan a dita independencia, así como a titularidade ou o aluguer da vivenda que constitúe o seu domicilio habitual. No caso contrario, entenderase non probada a independencia, polo que para o cálculo de renda e patrimonio familiar, computáranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refire o antedito apartado b.3).





b.6) Ao cociente da renda familiar computada entre o número de membros da unidade familiar adxudicáraselle a seguinte puntuación:

| | |
|-------------------------------|----------|
| Ata 6.000 euros: | 7 puntos |
| De 6.000,01 ata 9.500 euros | 5 puntos |
| De 9.500,01 ata 13.000 euros | 3 puntos |
| De 13.000,01 ata 15.000 euros | 1 puntos |
| A partir de 15.000,01 | 0 puntos |

c) Circunstancias familiares

c.1) As persoas solicitantes que teñan irmás ou irmáns cursando estudos de bacharelato, formación profesional específica ou universitarios fóra da súa residencia habitual, engadiránselle 2 puntos polo primeiro e 1 punto máis por cada un dos seguintes.

c.2) As persoas aspirantes en condición de orfandade, 2 puntos.

c.3) As persoas aspirantes membros de familia numerosa de 1ª clase, 1 punto; de 2ª clase e honra, 2 puntos.

c.4) As persoas aspirantes que teñan algún membro da unidade familiar en estado de enfermidade permanente, con discapacidade ou sexan discapacitados, 2 puntos.

Todas as situacións referentes ás circunstancias familiares deberán xustificarse documentalmentemente.

A puntuación resultante de sumar os anteriores apartados será a que determine a orde de adxudicación.

1.2. No caso de que as persoas solicitantes obtiveran a mesma valoración, terán preferencia, por este orde:

- As persoas non repetidores;
- As mulleres fronte aos homes (segundo criterios de infrarrepresentación);
- As persoas que acrediten ter residencia en Galicia;
- As persoas que acrediten documentalmentemente unha relación persoal ou familiar directa co sector;
- Finalmente terán preferencia os de menor renda familiar.

Cando a omisión ou deficiente xustificación afecte a un criterio de valoración, atribuiránselle nel 0 puntos.

2. Comisión de valoración

2.1. Corresponderá á comisión de valoración constituída para o efecto en cada centro, a valoración dos criterios xustificadas polas persoas solicitantes para os efectos de atribuírlles a puntuación correspondente.

2.2. A comisión de valoración estará composta por persoal propio da Consellería do Medio Rural:

a) Presidente/a: O director/a do centro de formación e experimentación agroforestal.





b) Secretario/a: O/a xefe de estudos, no caso de non existir esta figura no cadro orgánico, a persoa equivalente.

c) Vogais:

- O/a profesor/a de maior antigüidade.
- O/a xefe de internado ou persoa que realice dita función.

2.3. A comisión de valoración determinará a puntuación que corresponda a cada solicitante polos criterios establecidos no artigo anterior.

2.4. Das reunións realizadas polas comisións a que se refiren os puntos anteriores levantarase a acta, que será remitida á Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

2.5. No caso de determinar que o número de solicitudes é superior ao número de prazas ofertadas procederase da seguinte maneira:

- a) Publicación no taboleiro de anuncios do CFEA o listado de solicitudes e o número de prazas.
- b) O centro residencial abrirá un prazo de 10 días, contado a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de presentar as solicitudes, para achegar a documentación xustificativa dos criterios do baremo recollidos no epígrafe 1 deste anexo II, así como a seguinte:
 - Certificado do padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven coa persoa solicitante, no cal deberá constar a data da súa expedición que será posterior á entrada en vigor da convocatoria.
 - Documentación necesaria para xustificar que a renda da unidade familiar reúne os requisitos esixidos no apartado 1.1 letra b) deste anexo II.
 - Certificación oficial das notas obtidas no curso escolar inmediato anterior a esta convocatoria para aqueles/aquelas solicitantes que procedan doutro centro formativo.
- c) A comisión de valoración poderá requirir a documentación complementaria que estime necesaria para constatar a concorrencia dos requisitos e os criterios de valoración alegados. Neste caso concederá un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación.
- d) A falta de presentación en prazo da documentación requirida impedirá ter por acreditado os requisitos ou criterios afectados, e en consecuencia, impedirá valoralos para efectos de determinar a puntuación.

3. *Proposta de adxudicación provisional*

1. A comisión de valoración elaborará e remitirá á Dirección Xeral de Ordenación Forestal, a proposta de adxudicación provisional de prazas de residencia, seguindo a puntuación total obtida polos/as solicitantes, así como a relación provisional de excluídos debidamente motivada.

Así mesmo, elaborará unha relación de suplentes para cubrir as vacantes que poidan producirse.

2. A resolución de adxudicación provisional, a relación de suplentes e a relación de excluídos/as publicarase na páxina web da Consellería do Medio Rural e no taboleiro de anuncios do centro correspondente. Así mesmo, contra a dita resolución, as persoas





interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas ao presidente/a da comisión.

3. As reclamacións formuladas entenderanse estimadas ou desestimadas mediante a publicación da adxudicación definitiva.

4. Adxudicación definitiva

4.1. A comisión de valoración elaborará e remitirá á Dirección Xeral de Ordenación Forestal, segundo corresponda pola formación impartida no centro, a proposta de adxudicación definitiva de prazas de residencia, así como a relación definitiva de excluídos/as e a relación de suplentes.

4.2. A Dirección Xeral de Ordenación Forestal, segundo corresponda pola formación impartida no centro, resolverá a adxudicación definitiva de prazas de residencia.

4.3. A resolución de adxudicación definitiva e a relación de suplentes publicarase na páxina web da Consellería do Medio Rural e no taboleiro de anuncios do centro correspondente.

No caso de non producirse resolución expresa no prazo de cinco meses desde a presentación da solicitude, esta entenderase desestimada.

4.4. Para a cobertura das prazas de residencia que queden vacantes durante o curso, a dirección do respectivo centro residencial acudirá á lista de suplentes, seguindo a orde de puntuación.

5. Adxudicación de prazas de residencia en supostos especiais

5.1. A tramitación das solicitudes de praza de residencia presentadas no prazo extraordinario de setembro axustarase ao establecido nos artigos anteriores, agás no relativo ás datas e prazos, que terán que axustarse ás exixencias derivadas do inicio do curso escolar nos respectivos centros residenciais.

5.2. Para a cobertura de prazas de residencia durante o curso escolar, as direccións dos centros residenciais resolverán a adxudicación destas.

6. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro deste procedemento porán fin á vía administrativa, e contra elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a consellería competente na materia de agroforestal no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, ou ben, interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os órganos desta xurisdición no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación se é expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.



ANEXO III

| |
|--|
| SOLICITUDE DE PRAZA DE RESIDENCIA NUN CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL |
|--|

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | | | | | | | |
|-------------|-------------|----------------------|--|-----------------|--------|-------------------|-------|
| NOME | | PRIMEIRO APELIDO | | SEGUNDO APELIDO | | NIF | |
| TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | | | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA |
| CP | PROVINCIA | CONCELLO | | LOCALIDADE | | | |
| TELÉFONO | | ENDEREZO ELECTRÓNICO | | | | DATA DE NACEMENTO | |

PRAZA QUE SOLICITA

| | |
|--|--|
| TIPO DE PRAZA QUE SOLICITA: <input type="checkbox"/> Residencia en pensión completa <input type="checkbox"/> Media pensión <input type="checkbox"/> Xantar diario non regular | |
| CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE: | |
| DENOMINACIÓN DO CICLO FORMATIVO NO QUE SE VAI MATRICULAR: | CURSO: |
| DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA Á QUE VAI ASISTIR (para o caso de alumnos que non estean matriculados nun ciclo formativo): | |
| ¿ESTIVO O CURSO PASADO MATRICULADO NESTE CENTRO? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | ¿O ALUMNO REPITE CURSO? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

1. Que é certa tanta información aquí se sinala, así como que os criterios marcados son os únicos que desexo que se teñan en conta á hora de obter a puntuación correspondente no proceso para ser admitido nas prazas ofertadas por medio da Resolución do 18 de xullo de 2018 da Dirección Xeral de Ordenación Forestal pola que se convoca a oferta de prazas de residencia e comedor nos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal da Consellería do Medio Rural para o curso académico 2018/2019.



ANEXO III (continuación)

2. Así mesmo, comprométome a achegar a documentación necesaria para xustificar cada un dos puntos declarados, no caso de que esta sexa solicitada pola Comisión de Valoración do centro residencial correspondente.

| CRITERIOS | PUNTUACIÓN |
|---|------------|
| Rendemento académico do último curso realizado [apartado 1.1 letra a) do anexo II] | |
| 1. Nota media de sobresaínte | |
| 2. Nota media de notable | |
| 3. Nota media de ben | |
| 4. Nota media de suficiente | |
| Cociente da renda familiar computada entre o número de membros da unidade familiar [apartado 1.1 letra b.6) do anexo II] | |
| 5. Ata 6.000 euros | |
| 6. De 6.000,01 ata 9.500 euros | |
| 7. De 9.500,01 ata 13.000 euros | |
| 8. De 13.000,01 ata 15.000 euros | |
| 9. A partir de 15.000,01 euros | |
| Circunstancias familiares [apartado 1.1 letra c) do anexo II] | |
| 10. Irmáns ou irmáns cursando estudos de bacharelato, formación profesional específica ou universitaria fóra da súa residencia habitual | |
| 11. As persoas aspirantes en condición de orfandade | |
| 12. As persoas aspirantes membros de familia numerosa de 1ª clase | |
| 13. As persoas aspirantes que teñan algún membro da unidade familia en estado de enfermidade permanente ou con discapacidade | |
| PUNTUACIÓN TOTAL | |

Renda familiar *per capita* [apartado 1.1 letra b.3) do anexo II]. Pai, nai, irmáns e irmás solteiros/as menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar; irmáns e irmás de maior idade, cando se trate de persoas diminuídas físicas, psíquicas ou sensoriais, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio.

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO |
|------|------------------|-----------------|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

| Orde de preferencia no caso de empate (apartado 1.2 do anexo II) | Indicar o que se reúna |
|--|------------------------|
| 14. Non ser repetidor | |
| 15. Ser muller (por criterios de infrarrepresentación) | |
| 16. Ter residencia en Galicia | |
| 17. Ter relación persoal ou familiar directa co sector | |
| Outros datos | |
| | |

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a secretariaxeraltecnica.cmrxunta.es

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de _____.

DIRECTOR/A DO CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

